

**UNIDADE DIDÁCTICA sobre o libro**  
**AMAR E OUTROS VERBOS (Ana María Fernández)**

**Premio Lazarillo de Creación Literaria**

**Proposta de actividades (Concha Blanco)**

**Nivel: 1º ESO (1º Ciclo de Secundaria)**

## AMAR E OUTROS VERBOS

1. Para saber cousas de Ana M<sup>a</sup> Fernández, a autora de AMAR E OUTROS VERBOS, podes utilizar diferentes recursos como o Dicionario de Autores, A Gran Enciclopedia Galega, ou Internet. Aquí tes esta páxina [www.bvg.udc.es](http://www.bvg.udc.es), entre outras. Que medio utilizaches par encontrala?
2. Agora escribe a súa biografía, pero resumida.
3. Que título dos que ten publicados che parece o máis suxectivo? Por que? De que pensas que trata?
4. Na dedicatoria da autora escribe *Para os meus pais, que me legaron a herdanza da Voz*.

A palabra Voz non é un substantivo propio, pero ela aquí escríbeo con maiúscula adrede. Cal cres ti que foi a súa intención?

5. Ana María Fernández abre o seu poemario cuns versos de Antón Avilés de Taramancos e outros de Gerardo Diego. Dúas linguas, dous autores, dúas formas de expresar sentimentos. Que entendes por poesía?
6. Investiga sobre os dous autores citados e escribe dúas coincidencias, dúas diferenzas e o título dunha obra de cada un.

Coincidencias:

Diferenzas:

Títulos:

Avilés de Taramancos; “ .....

Gerardo Diego; “ .....

7. No índice podes ver que Ana María non utiliza tódalas letras do abecedario para formar verbos que dean títulos a poemas. Eu propóñeche dous novos e iniciais, para que ti os remates:

Felicitar:

Quero felicitar o vento

Gravar

por traerme arrecendo

O artesán gravou na pedra

....

o nome de súa nai

|                                  |
|----------------------------------|
| TRABALLEMOS ALGÚNS DESTES POEMAS |
|----------------------------------|

## AMAR E OUTROS VERBOS

...

### CHOVER

8. Le o poema CHOVER. Ten varios recursos literarios, algúns moi doados de encontrar.

Busca unha enumeración

9. O poema di: Sobre a cidade / chove diferente. Qué opinión che merece esta aseveración na boca da autora.

10. Que sería de Galicia sen a chuvia que a caracteriza?

11. Con formas do verbo chover hai moitas frases feitas. Di o significado destas:

Chove sobre mollado:

A ese chóvelle:

Por min que chova!:

Xa choveu!:

Chove a chuzos:

12. E seguimos co verbo chover, agora presente na literatura popular.

Que chova, que neve, quen ten sede bebe.

Cando chove e quenta o Sol, van as meigas para Ferrol.

- Coñeces algún outro refrán, adiviña, dito... que teña que ver con chover? Investiga e logo anótaos aquí.

13. Hai claras diferenzas entre a literatura popular e aliteratura culta, cales son? En que literatura encadras, pois, este poemario?

### ENFADARSE

14. Imos co poema Enfadarse.

- Cal é o infinitivo deste verbo?
- No título leva engadido un pronome (enclítico) que o converte en verbo regular, irregular ou reflexivo?

15. Busca palabras antónimas de:

## AMAR E OUTROS VERBOS

Sempre:

Enfadarse:

Cómplices:

Endereita:

Maltrata:

Admitir:

16. Intenta relacionar este poema co respecto á natureza. Que versos elixirías para o tema? Xustifica a resposta.

17. *O que fala máis alto ca ninguén / e pensa que el só pode cambiar o rumbo da existencia.* Estes dous versos serven de remate ao poema. Reflexiona sobre o seu contido e facede en grupo un debate. Lembra respectar o turno de palabra e argumentar as túas opinións. Ao final recolle unha conclusión por escrito.

### ENVELLECER

18. Envellecer é un tenro poema que fala dos avós.

- A quen se culpa dos seus cambios?
- Como describe a autora a ese culpable?
- Que actividades lles adxudican no poema?

19. Se tes avós di a qué se dedican.

20. Alguén asegura que os avós, as avoas, son coma enciclopedias.

- Explica o significado desta comparación.
- No poema hai polo menos outra comparación. Localízala.

### MEDRAR

21. Analiza morfoloxicamente estas formas verbais que aparecen no poema MEDRAR, con persoa, tempo, e modo.

Ir:

Tocarás:

É:

Medramos:

Berren:

22. Só hai unha locución prepositiva. Localízala.

23. Vas facer un texto seguindo a estratexia de pasar o último verso para o primeiro, e o primeiro pasará a ser o último. O que escribas entre eles será da túa creación. Non é obrigatorio que sexa un poema. Empezaría *En silencio* e remataría con *Medrar é ir cara ó ceo*.

## AMAR E OUTROS VERBOS

24. Hai catro versos que comezan coa mesma palabra. De que recurso literario se trata?
25. Que verso deste poema está moi relacionado co debuxo que o ilustra? Razoa a elección.

### XEAR

26. Este poema é moi rico en adxectivos cualificativos. Esríbeos todos e di en que grao están.
27. Agora elixe dous destes adxectivos e fai con eles unha oración en comparativo de igualdade e en superlativo.
28. Busca e escribe o único verbo que está en imperativo.
29. Aparecen as palabras *pé* e *máis* con til. Explica por qué o levan.
30. O poema ten varias palabras esdrúxulas. Eduardo Pondal era moi dado a empregalas. Busca as que aparecen neste poema.
31. Nas seguintes palabras di ónde hai ditongos e hiatos.
32. Na palabra *ferraia*, hai tritongo? Por que?
33. *Candoa cobre o lazo negro* (2º verso)
- *Cal é o suxeito desta oración?*
  - *Razoa e descubre o CD.*
34. *Ilustra este poema.*

35. Na clase gravade a lectura dalgúsn poemas deste libro. Non máis dun por alumno ou alumna. Coidade a entoación e as pausas.
36. Facede a audición dos textos gravados e cadaquén anote a súa autovaloración para que, se é necesario, corrixis aquilo que se pode mellorar.

## AMAR E OUTROS VERBOS

37. Nesta sopa de letras localiza 2 verbos das 1ª, 2ª e 3ª conjugación que pertencen a algúns dos títulos do poemario. Poden aparecer en horizontal, vertical ou en diagonal.

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O | M | I | R | O | N | E | M | A |
| Z | V | A | I | P | A | P | B | I |
| A | M | A | R | A | V | A | T | R |
| A | R | E | S | S | E | F | U | R |
| C | H | D | O | X | G | A | R | O |
| S | O | M | A | Ñ | O | S | G | M |
| V | I | V | E | S | U | A | Q | R |